

Boletín nº1 Deporte de Orientación

XVIII TROFEO UNIVERSIDADE DE VIGO. TROFEO VILA DE CANGAS

XXVIII LIGA GALEGA

3ª PROBA I LIGA INTERREXIONAL GALICIA-N. PORTUGAL

Sábado, 15 de xuño de 2019

Proba para federadas/os e non federadas/os.

>Organiza:

Club Universidade de Vigo.

Federación Galega de Orientación

>Inscricións:

Polo sistema: www.fegado.es/intranet

Rexistrarse como usuario: www.fegado.es/intranet

Todas as inscricións deberán ser realizadas a través da páxina web da FEGADO xa indicada e non será aceptada ningunha outra que non sexa feita deste xeito, nin no prazo indicado.

Para persoas usuarias xa rexistradas unicamente se terán que inscribir na proba. Para as demais deberán rexistrarse primeiro e a continuación apuntarse na sección “eventos”. Neste segundo caso o/a corredor/a se non pertence a ningún club deberá indicar “sen club”. Os campos marcados cun * son obrigatorios, e o resto pódense cubrir cando o corredor/a desexe, aínda que agradecemos que se nos cubran todos os datos solicitados.

Data Límite: Domingo 9 de xuño ás 23:50 h.

Tarxeta SportIdent

Todos os percorridos utilizarán tarxeta SportIdent e polo tanto todas as deportistas deberán indicar o seu número de pinza á hora de realizar a inscrición. Se non é así, a organización asignaralles unha pinza de aluguer cun custe de 3€. Dita pinza deberá ser recollida na secretaría antes do inicio da carreira e devolta á organización xusto no momento de chegar á meta. Pola perda ou deterioro da mesma aboaranse 40€.

>Cotas:>

- Federadas/os categoría F/M 18 e inferiores: 5 € + 3 € (se aluga sportident)
- Federadas/os resto de categorías: 7 € + 3 € (se aluga sportident)
- Iniciación Curta (nenos) sen licencia fed.: 7 € + 3 € (se aluga sportident)
- Iniciación Longa (adultos), sen licencia fed.: 10 € + 3 € (se aluga. sportident)
- Federadas/os en categorías iniciación: 5 € + 3 € (se aluga sportident)
- Recargo por inscrición fóra de prazo 1 € -
- Reposición de dorsal: 1 € -
- Troco de tarxeta SI: 3 €

Os pagamentos: faranse directamente a través da web de xestión deportiva da Universidade de Vigo <https://deporxest.uvigo.es/>. Tanto o prazo de inscrición como o de pagamento estarán abertos ata as 23.50 h do domingo 9 de xuño.

Cómo facer o pagamento:

* **Persoas a título individual:**

- Se aínda non tes conta, crea unha no seguinte enlace [CREAR CONTA](#).
- Fai click no botón azul de INSCRIPCIÓN na modalidade na que desexes competir nesta mesma web [Trofeo de Orientación](#).
- Autentifícate co login e contrasinal recibidos no teu correo electrónico.
- Escolle a tarifa que necesites (con ou sen aluguer de pinza)
- Acepta as "condicións e termos de venda" e elixe a forma de pagamento.

*** Inscripcións de clubs:**

- Crea a conta do club no seguinte enlace [CREAR CONTA](#).
- Achega un correo electrónico a deportes@uvigo.gal co desglose de inscricións que vai a realizar o club neste evento.
- Agarda a que che confirmemos que xa está xerada a cota de pagamento.
- Inicia sesión no DEPORXEST co login e contrasinal recibidos no correo electrónico do club.
- Vai ao menú Miña Conta / Histórico / Cotas. Aí atoparás a cota pendente de pago polo conxunto das inscricións.
- Dálle a Ver+ para despregar toda a información e elixe a forma de pagamento.

Formas de pagamento e xustificantes:

- Online con tarxeta bancaria a través desta web.
- Imprimindo a folla de autoliquidación e pagándoa a través da banca online, dun caixeiro ou dunha sucursal bancaria dalgunha das entidades colaboradoras: Caixabank, Banco Santander ou Abanca.

* A factura poderá ser descargada da web pola propia persoa usuaria unha vez que a Universidade reciba o ingreso. Na forma de pagamento por folla de autoliquidación os bancos tardan unhas 24 h en remitirnos a información dos pagos.

>Zona de competición e concentración:

Centro de competición no aparcadoiro da praia de Barra. Sinalizado dende o final do Corredor do Morrazo.

Haberá aparcadoiros libres e de pagamento, estes últimos terán bandeiras española, portuguesa e galega na entrada.

Unha vez aparcado o coche recoller o **ticket** no bar. Tarifa especial previo aviso de participar na carreira.

Posibilidade de encargar comida (menú, bocadillos, churrasco, peixe etc.), recoméndase chamar por tlf. antes do día 11 de xuño: Ezequiel - Beatriz. 645 499 521.

Menú 1 (6,50€): gazpacho caseiro, bocadillo de tortilla española ou embutido, caña-refresco ou auga.

Menú 2 (15€): gazpacho ou salpicón, paella ou lasaña, pan e bebida.

Outros sitios onde poder comer:

www.hostalstop.es

<http://www.restaurantecabohome.com/>

09.30 h.: entrega tarxetas.

10.30h .: saída 1^oa corredor/a.

14.15 H.: entrega de premios

>Mapa:

Elaborado segundo as normas IOF no ano 2009. Revisión de campo en maio 2019. Atopámonos nunha zona de contrastes, o mapa consta de diversas tipoloxías de terreos. Zona de piñeiral areoso que se desenvolve dende a beira do mar (praia) por áreas sensiblemente planas e micro releve (carreira rápida), ata zonas de ladeira

con desnivel moderado onde se produce unha transición a bosque atlántico e onde existe vexetación rasteira (carreira lenta). Nalgunhas zonas de ladeira e costa aparecen formacións rochosas importantes, podemos atopar, tamén, zonas de cultivo e viñas de carreira rápida e áreas abertas de vexetación rasteira que dificulta a carreira.

Existencia de árbores caídas polo temporal que non aparecen no plano.

>Categorías:

As contempladas no regulamento da XXVIII Liga Galega 2019.

<http://fegado.es>

Escala de todos os percorridos: 1:7.500. Eq 5m.

Os/as deportistas non federados/as, independentemente da idade, só poderán inscribirse en INI CURTA ou LONGA. Para estes dous percorridos, a saída realizarase na modalidade **Estación Start** (sen hora de saída fixada), entre as 10.30 – 11.30h., haberá habilitado un corredor exclusivo para eles

>Outras Informacións:

Control por Tarxetas SporIdent en todos os percorridos.

Estacionamento e auxilios na zona de concentración.

Froita, auga e bebidas isotónicas.

Trofeos: para as categorías Élite

>Normas:

1. Todo/a corredor/a deberá prestar axuda se atopa a algún deportista lesionado/a.
2. Deberá respectar as balizas de control.
3. En caso de abandono será obrigatorio presentarse na meta.
4. **Tanto organizadores como competidores están obrigados a respectar o medio ambiente.**

>Prevención de riscos, instrucións de seguridade e recomendacións:

1. Os/as corredores/as participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes das carreiras de orientación a pé.
2. Os/as participantes veranse obrigados/as nalgún momento a circular ou cruzar algunhas estradas. Trátase de estradas asfaltadas, cuxo nivel de circulación é moi baixo ou nulo (recordando a todas as persoas participantes que teñen a obriga de coñecer e respectar as normas de circulación).
3. Todo participante ao efectuar a inscrición da carreira, enténdese que autoriza o uso de imaxes da mesma para poder ser publicadas en calquera medio de comunicación.
4. No punto sinalado no plano co símbolo dun “**vaso**”, haberá unha fonte perfectamente localizable.
5. Lembramos que queda totalmente prohibido para os participantes nesta proba adestrar ou participar en calquera actividade na zona de competición. No caso de incumprimento desta norma, o/a corredor/a será descualificado/a ao rematar a proba.
6. Queda totalmente **prohibido** facer lume ou deixar no monte calquera tipo de desperdicios, especialmente **cabichas**.